



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Outra vez peghou outro a coplas comigho. Pero, ai pero moitas me cantou, eh.

La despedida te doy
y con esta fago una
eu apártarme de ti
es como el sol de la luna.

- E eu decialle outras:

El día que tu naciste
que triste quedó el sol
al ver que otro sol salía
con mucho más resplandor.

- Coma quen que era aínda máis ghuapo que o sol. Que lle quitaba a clarida ao sol, sabes. Al ver que otro sol salía con mucho más resplandor. E el:

La despedida te doy
y con esta fago dos
eu apartarme de ti
eso no lo manda Dios.

Da tua casa a miña
hai unha tela urdida
se tu me quixieras ben
podíala ter tecida.

- Que risazas, que risazas. ... e máis mozos a risas todos. Pero eu máis el solos. Falaba comigho algo, el coma quen que ...

Alhún día era yo
de tu pecho el más querido
ahora por lo que veo
soy la más aborrecida.

Alhún día era yo
de tu plato el mejor sopa
ahora soy un veneno
de los labios de tu boca.

- Eles tiñan outras, e decianas así desas.

Quisiera que me quisieras
lo mismo que yo te quiero
para darte que bebieras
del mismo hiel que yo bebo.

- Son todas coplas conocidas, o que as sabe cantar cántaas.

Por donde quiera que vaya
siempre tu cara voy viendo
es la sombra del cariño
que me anda presighiendo.

- Outra ben bonita e así unha chea delas.

Tu penas, yo estoy penando
la pena que tu me dás
otros me la van tirando.

- Ás veces estaba falando con un que era máis rico ca min e botáballe unha:

Olvidáchesme por pobre
eu por rico te deixei
vale máis pobre con honra
que rico con mala lei.

- E sabía outra que moito rin que lla cantei unha vez a un e riron todos, eh.

Por decir que seas rico
non te hei traer pola mao
tamén o porco ten sedas
e máis non sale de marrau.

- E riron todos.

Non eres unha, non eres dos,
eres tres, eres cincuenta
eres unha catedral
donde todo o mundo entra.

- Coma quen que era de quen me quería, caralla. As coplas téñenche o seu máis ou menos. Haiche que as entender. E díxenlle eu:

Non son unha, ni son dos,
nin son tres, nin cincuenta
soy una muchacha joven
de buena correspondencia.

- E despois el botaba, eu as del non me acordo, botábamas levadas do demo. E eu a el tamén, as que lle canto as miñas acórdanme.

Eres vino revocado
tabaco de mal olor
prenda de cuantas te quieren
cosa de poco valor.

- Esa tamén era doente. Vino revocado é viño que devolves, tabaco de mal olor é o tabaco podre. Tamén o trataba ben (risas) e que era prenda de quen o quería... que era cousa de pouco valor, que era... pero el botabacheme outras así parecidas ás que lle decía. Aborrecidísimas os outros todos ás risas, os outros todos.



Non me botes as areas
nin as pedras recortadas
ben sabes que non te quero
non me sígalas pisadas.

- E despois, que botou outra doente. E vai eu e díxenlle a o outro: Bueno aghora márchate. E o outro marchou e boteille outra e díxenlle:

Non chames ao gható, gható
chámalle mico, miquiño.
Non dighas ao amor vaite
“Ven aquí, meu queridiño”.

- E xa nos pasou o incomodo todo (risas). Veu para onda min e despois estúven con el pero primeiro botamos a serenata un ao outro. E rindo todos e despois díxome un dos que estaba, cando marcharon, dixo: Bueno, pois así e todo, se me dis a min as que lle dixeches a el eu marchaba, eh, non che falaba. Díxenlle: Pero tamén el mas dicía a min. E dixo: Sí, pero a culpa fora túa, que tiñas palabra con el e estabas con outro (risas). Ai temos rido moito, miña filla.